



FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA
Complexo Deportivo de Elviña
Praza Agustín Díaz, 3 15008 A CORUÑA
Tfno. 981 13 32 54 Fax. 981 13 32 54
federacion@halterofilia.org



ACTA DA REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA F.G.H.

Na sala de reunións do Pabellón Municipal de Deportes da Coruña, dependente da Secretaría Xeral para o Deporte, o día 26 de xaneiro de 2019, ás 10,30 horas, en segunda convocatoria, ten lugar a asemblea xeral extraordinaria da Federación Galega de Halterofilia, de acordo co seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Presentación de orzamentos para o ano 2019 e aprobación se procede.
- 3.- Rogos e preguntas.



E coa asistencia dos membros dos diferentes estamentos, que se citan:

| | | ASISTENCIAS |
|--|------------------------------|--------------------|
| ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS | Club Halterofilia Coruña | SI |
| | Club Halterofilia Ferrol | SI |
| | Club Halterofilia Pabellón | SI |
| | Club Halterofilia Vigo | SI |
| | Club Haltergalicia | SI |
| | Cocodrilos Verdes H.C. | SI |
| ESTAMENTO DE DEPORTISTAS | Andrea Montes González | SI |
| | Castro Mariño, Víctor | NON |
| | Marisol Monasterio Dos Anjos | NON |
| ESTAMENTO DE TÉCNICOS | Díaz Zapatería, Ramón | SI |
| ESTAMENTO DE XUÍCES | Santos Rodríguez, Miguel | SI |



FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA
Complejo Deportivo de Elviña
Praza Agustín Díaz, 3 15008 A CORUÑA
Tfno. 981 13 32 54 Fax. 981 13 32 54
federacion@halterofilia.org



O presidente abreu a sesión saudando aos presentes dándolles as grazas pola súa asistencia e se procedeu a continuación a desenvolver a orde do día.

1.- Aprobación da acta da asemblea anterior.

Leuse o acta da asemblea anterior que foi aprobada por unanimidade.

2.- Presentación de orzamentos para o ano 2019 e aprobación, se procede

Como segundo punto da orde do día, o presidente a explica os motivos da tardía convocatoria extraordinaria da Asemblea Xeral pola cal non se puido dar cumprimento ao establecido no artigo 62.1 da Lei 3/2012 de abril, do Deporte de Galicia que reflicte textualmente ... “As federacións deportivas galegas aprobarán en asemblea, e durante o último trimestre do seu exercicio económico, o orzamento correspondente ao seguinte exercicio. Este orzamento debe ser equilibrado e non deficitario e entendéndose condicionado, no que ás subvencións públicas se refire, ás condicións de aprobación dos orzamentos de Galicia. O devandito orzamento deberá remitirse á Administración Deportiva no prazo dun mes dende a súa aprobación”.

Por mor das recentes eleccións polas que esta Federación rematou o día 28 de decembro do pasado ano 2018, unha data bastante tardía para pechar o longo proceso electoral da Federación territorial Galega de Halterofilia. A cal ademáis sufríu un cambio de presidente histórico, logo dunha longa etapa de casi trinta anos. O exercicio do presuposto económico víuse retrasado por culpa dun pequeno vacío legal que tivemos no cargo entre o presidente saínte e o entrante.

Explicado iso, información da que todos os asistentes xa eran conscientes, o presidente pasa a explicar o proxecto para o ano 2019, axustando ao máximo os ingresos e os gastos previsibles de acordo ás cuantías seguintes:

PRESUPOSTO DE INGRESOS

| | |
|-------------------------------------|-------------|
| Secretaría Xeral para o Deporte | 93.247,60.- |
| Concello da Coruña | 18.000,00.- |
| Federación Española de Halterofilia | 2.000,00.- |

PRESUPOSTO INGRESOS TOTAL **113.247,60 .-**

PRESUPOSTO DE GASTOS

Programa 1: Gastos Xerais

| | |
|---------------------------------------|--------------|
| ➤ Gastos xerais de persoal federativo | 8.400,00 €.- |
| ➤ Gastos xerais de funcionamento | 6.900,00 €.- |



FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA
Complejo Deportivo de Elviña
Praza Agustín Díaz, 3 15008 A CORUÑA
Tfno. 981 13 32 54 Fax. 981 13 32 54
federacion@halterofilia.org



Programa 3: Actividade Deportiva Ordinaria (e Tecnificación)

| | |
|----------------------------------|---------------|
| ➤ Sueldo Director Técnico | 18.000,00 €.- |
| ➤ Seguros sociais, IRPF... | 7.782,60 €.- |
| ➤ Actividade Deportiva Ordinaria | 8.165,00 €.- |
| ➤ Fomento Deporte Feminino | 6.000,00 €.- |
| ➤ Campionatos Galegos | 12.000,00 €.- |

Programa 6: Outros proxectos de especial relevancia

| | |
|--|---------------|
| ➤ Posta en funcionamento de 4 ximnasios | 20.000,00 €.- |
| ➤ Copas de España (SUB 15, SUB 17 M Y F) | 4.000,00 €.- |
| ➤ Play Offs , Liga Nacional Absoluta (M Y F) | 2.000,00 €.- |



| | |
|---|---------------|
| Trofeo Internacional "Ciudad de A Coruña" | 18.000,00 €.- |
| II COPA PROMESAS (M+F) - FEH | 2.000,00 €.- |

PRESUPOSTO GASTOS TOTAL **113.247,60** .-

O presuposto pasa a ser bastante máis amplo respecto o de anos anteriores, pola necesidade de expandir a nosa modalidade deportiva. Necesidade que de feito é unha realidade. Xa que no corto período de ano que levamos (un mes escaso) incrementouse notablemente o nº de licenzas, polo nacemento de dous novos clubs, e nos atopamos á espera dun terceiro.

Vanse a abrir novos espazos en centros deportivos e ximnasios para fomentar a nosa práctica. Un exemplo que explica o Presidente e o da recente recuperación do espazo para a Halterofilia no Club do Mar San Amaro. Así como o plantexamento que estase a facer de reavivar tamén a halterofilia na zona de Lugo, que actualmente está completamente fora do noso deporte, cando hai anos en na zona de Chantada era unha práctica moi popular. Para o cal se precisa material novo. Por outro lado os nosos eventos deportivos máis internacionais cada vez abren as portas a máis deportistas e delegacións extranxeiras. Esta previsto que este ano no verán, nun trofeo internacional programado na cidade da Coruña, se acheguen máis de 10 seleccións internacionáis a competir.

Explícase tamén a necesidade de aumentar as horas de contrato dos técnicos da Federación, xa que un deles so ten en nómina dúas horas e é un tempo extremadamente corto para o desenvolvemento de tanta carga de traballo. Xa que como se explica aquí, estamos nun periodo de cambio, renovación e crecemento.

Entrégaselle a cada membro da assemblea unha copia co orzamento presupostado e logo da explicación do Presidente, este segundo punto (Presentación de orzamentos do exercicio para o ano 2019 e aprobación, se procede) foi aprobado por unanimidade.



FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA
Complexo Deportivo de Elviña
Praza Agustín Díaz, 3 15008 A CORUÑA
Tfno. 981 13 32 54 Fax. 981 13 32 54
federacion@halterofilia.org



3.- Rogos e preguntas

Neste punto antes de nada acordouse autorizar á Comisión Delegada da Asemblea Xeral calquera modificación que fora necesaria a indicación de Secretaría Xeral para o Deporte, sobre o orzamento de ingresos e gastos.

O presidente reparte a cada membro una copia do calendario de competicións do ano 2019, para facer un repaso dos Campeonatos destacando especialmente os de Galicia e Campeonatos Nacionais.

Deixase claro que a Federación Galega seguirá apoiando economicamente na medida do que sexa posible, dependentes do presuposto que a Secretaría Xeral concédanos e a pequena aportación dos medios propios (cursos), a organización de todos os campeonatos Autonómicos (pago de xuíces, trofeos, autocares ou furgonetas para desprazamentos, aloxamentos, manutencións.. etc) O mesmo acontece para os campionatos de España, pero neste caso, coma aconteceu o ano pasado, dependendo do presuposto concedido no Programa Rendemento. Acórdase achegar o Calendario Oficial de Competicións aprobado por unanimidade nesta Asemblea Xeral.

O presidente plantexa na mesa un tema que xa viña de anos atrás. A importancia que teñen os cursos impartidos pola Federación e sale a debate una proposta de actualizar os coñecementos ensinados nas materias dos mesmos. A maioría de asamblearios están de acordo en que unificar as leccións aprendidas nestes cursos a nivel de todo o territorio galego é imprescindible. Quédase en desenvolver o tema con calma para fixar datas e organizar estas xornadas de actualización e unificación máis adiante. En materia de cursos o Presidente insiste na importancia de ter máis xuíces mulleres e máis adestradoras. Xa que no obxectivo de chegar a alcanzar unha igualdade máis real, como ocorre coas licenzas de deportistas, que cada vez son máis mulleres, aínda se precisa traballar máis neste campo. Queda pendente por unanimidade establecer fechas para cursos de monitores en xuño de este ano 2019.

Se fala de novo da necesidade de achegar máis nenos e nenas pequenos a este deporte, insistindo na necesidade de propaganda e concienciación para os pais, xa que seguindo o discurso da intervención de Miguel Santos, os pais son moitas veces os culpables de non permitir que os nenos fagan halterofilia dende pequenos, alegando razóns de saúde polo peso a levantar, por descoñecemento na materia. Tomás Ibañez propon incluír de maneira máis participativa, esta modalidade en campamentos de verán para nenos e nenas ou xornadas coma o deporte na rúa, da que xa se participa dende hai moitos anos. Luis Antonio Pose Chans, fala de crear xunto a outras modalidades deportivas pouco populares uns campamentos especiais para iso. Sabendo que non se pode competir con outros deportes en campamentos convencionais, sería boa idea facer un campamento ou unas xornadas, baixo o nome de campamento de deportes olímpicos, ou xornadas de deportes olímpicos que inclúan modalidades como o salto de lonxitude, lanzamento de pértiga e, por suposto, a propia halterofilia.

O presidente expón o incansable traballo por parte da Federación para conseguir patrocinadores, xa que todo o que sexa sumar para poder levar á práctica de forma efectiva todos os novos



FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA
Complexo Deportivo de Elviña
Praza Agustín Díaz, 3 15008 A CORUÑA
Tfno. 981 13 32 54 Fax. 981 13 32 54
federacion@halterofilia.org



proxectos é importante. Nest punto David Losada, facendo mención as boas campañas de captación do C.H.Coruña, explica que sería bo tratar de sacar diñeiro para poder establecer ese mesmo tipo de campaña de captación nos demais clubs galegos, establecendo nun futuro unha liña de captación de talentos en escolas para nenos e nenas no presuposto.

O presidente insta a todos os presentes a que se animen a facer máis licenzas, é importante aumentar o número de clubs, tanto masculinos como femininos, con participación nas Ligas Nacionais e Campionatos de Galicia por clubs..

O Director Técnico D.Ferenc Szabo , plantexa actualizar a marca mínima e aprobar os récords de Galicia novos, actualizados polos novos pesos corporais.

- . Sub 15-30
- . Sub 17-35
- . Junior-50
- . Absoluto-55

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 13,45 horas do día vinteseis de xaneiro de dous mil dezanove Do cal, como secretaria, dou fe.

